

MEMORIA DAS ACTIVIDADES DA PRESIDENCIA 2006-2008

ÍNDICE

A.- INTRODUCCIÓN.

B.- PRINCIPAIS INICIATIVAS DA ACTIVIDADE DA COMUNIDADE DE TRABALLO GALICIA-NORTE DE PORTUGAL.

1. Participación na definición da estrutura organizativa do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza Portugal-España.
2. Animación e colaboración coas Comisións Sectoriais e Territoriais para a presentación de candidaturas de proxectos para presentar ó P.O. Portugal-España.
3. Plenario da Comunidade de Traballo realizado en Guimarães o 13 de abril de 2007.
4. O proceso de constitución da Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal (AECT).
5. Lanzamento do estudio sobre “O Sistema Portuario da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal”.

C.- ACTIVIDADE INSTRUMENTAL DA COMUNIDADE DE TRABALLO.

A.- INTRODUCCIÓN

Esta memoria de actividades ten como obxectivo dar a coñecer algunhas das actividades realizadas pola Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal durante a Presidencia asumida, dende o 24 de febreiro de 2006 ata o día de hoxe (22 de setembro de 2008), pola Xunta de Galicia na persoa do seu Presidente D. Emilio Pérez Touriño.

O contido deste documento reflexa o traballo que as Comisións Sectoriais e Territoriais da Comunidade de Traballo desenvolveron en favor da cooperación transfronteriza, e evidencia o crecemento e consolidación das relacións económicas, sociais, culturais e sobre todo institucionais entre as rexións de Galicia e Norte de Portugal.

A Comunidade de Traballo leva traballando dende a súa creación en 1991, no fomento dunha estreita cooperación transfronteiriza, pasando dunha situación de posta en coñecemento e de fixación das bases desa cooperación a outra, na que nos atopamos actualmente, de consolidación da nosa Eurorrexión. A nosa capacidade de animación e de fomento cooperativo, tanto das propias administracións como dos axentes sociais e económicos, tense que incrementar e aproveitar este novo período orzamentario caracterizado por unha drástica redución de fondos comunitarios, respecto ao período anterior, para deixar fixadas unhas bases fortes para o noso futuro común.

Durante este período da Presidencia traballamos xuntamente na preparación do novo escenario cooperativo ao través da participación no Grupo de Traballo que elaborou o *Programa Operativo de Cooperación Transfronteriza Portugal-España 2007-2013*.

Así mesmo, hai outro feito importante que marcará o futuro das nosas relacións, como é a creación polo Regulamento (CE) 1082/2006 do Parlamento europeo e o consello de 5 de xullo de 2006 dunha nova figura xurídica para a Cooperación Territorial a escala europea como é a Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT). Este figura, con personalidade xurídica, abrirá novas vías para acadar una cooperación transfronteriza máis estreita se cabe, e sentará as bases dunha cooperación con carácter permanente e estable con vocación de futuro e sobre todo abre novas posibilidades de actuación que sen dúbida vamos aproveitar para acadar os nosos obxectivos de contribuír co noso traballo ó benestar das poboacións de ámbolos dous lados da fronteira.

Nas páxinas seguintes dáse conta de modo resumido das principais actuacións e actividades no período de referencia.

B.- PRINCIPAIS INICIATIVAS DA COMUNIDADE DE TRABALLO GALICIA-NORTE DE PORTUGAL (CT G-NP).

A actividade da Comunidade de Traballo tivo, durante o período comprendido entre febreiro de 2006 e este mes de setembro de 2008, unha labor marcada pola preparación, a través de varias reunións, do *Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza Portugal-España para o período 2007-2013*.

Das actividades desenvolvidas pola CT G-NP durante o período de tempo en que Galicia ostentou a Presidencia, podemos destacar as seguintes:

- Colaboración na definición da estrutura organizativa e dos principais Eixes do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza Portugal-España 2007-2013.
- Elaboración do Plan Estratéxico de Cooperación Transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal 2007-2013.
- Plenario da Comunidade de Traballo realizado en Guimarães o 13 de abril de 2007.
- Elaboración do Proxecto de Convenio e Estatutos da AECT Galicia-Norte de Portugal.
- Elaboración do *Estudio sobre de Tren de Altas Prestacións Vigo-Porto*.
- Lanzamento do Estudio sobre “*O sistema portuario da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal*”.
- Participación no Comité de Peritos sobre as AECT's, iniciativa do Comité das Rexións.

1.- Colaboración na preparación do Programa Operativo de Cooperación Transfronteirizo Portugal-España.

A Xunta de Galicia e a Comissão de Coordenação e Desenvolvemento Regional do Norte (CCDR-N) mantiveron unha participación activa na elaboración do P.O. de Cooperación Transfronteiriza Portugal-España, ao través de múltiples reunións do Grupo de Traballo encargado da súa elaboración, dende a súa primeira reunión o 13 de xaneiro de 2006 en Vila Viçosa.

O P.O. España-Portugal, aprobado pola Comisión Europea, está dividido en cinco áreas de cooperación:

- Galicia-Norte.
- Castela e León-Norte.
- Castela e León-Centro.
- Estremadura-Centro-Alentejo.

- Andalucía-Alentejo-Algarve.

Na **área de cooperación Galicia-Norte** é onde a Comunidade de Traballo desenvolveu un importante traballo na achegamento dos **ámbitos estratéxicos** e prioridades de cooperación de interese para as dúas rexións, como son:

- Cooperación no ámbito do Mar,
- Internacionalizacións das PEMES,
- Protección Medioambiental e Desenvolvemento Urbano Sostible,
- Fomento da Cooperación e a integración Social e Institucional.

O PO recolle os **principios** da programación da Cooperación Transfronteiriza para o período 2007-2013:

- Concentración,
- Selectividade,
- Sostenibilidade económico-financieira,
- Aumento da escala de intervención,
- Corresponsabilidade,
- Simplificación de Estructuras e Procedementos.

Os **Eixes prioritarios** reflicten a vontade de cooperación e xestión conxunta nos seguintes ámbitos:

1. Fomento da Competitividade e Promoción do Emprego.
2. Medio Ambiente, Patrimonio e Prevención de Riscos.
3. Ordenamento do Territorio e Accesibilidades.
4. Integración Socioeconómica e Institucional.
5. Asistencia Técnica ao proceso de Cooperación Transfronteiriza.

O PO prevé para a área de cooperación Galicia-Norte unha cofinanciación con cargo ao FEDER de 73,225 Meuros para todo o período.

2.- Elaboración do Plan Estratéxico de Cooperación Galicia-Norte de Portugal 2007-2013.

No Plenario da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, realizado en abril de 2007, a Comissão de Coordenação e Desenvolvemento Regional do Norte (CCDR-N) e a Xunta de Galicia presentaron o **Plan Estratéxico de Cooperación Galicia-Norte de Portugal**, que ten como obxectivo principal o de *converter a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal nun territorio atractivo para vivir, investir e traballar*, así como a definición dunha estratexia coherente e articulada para o desenvolvemento da Eurorrexión.

Este Plan Estratéxico ten como base o P.O. de Cooperación Transfronteiriza Portugal-España e recolle os 4 Eixes prioritarios do mesmo, como son:

- Eixe 1.- Fomento da Competitividade e Promoción do Emprego. Cos obxectivos específicos:
 - Mellorar e optimizar as infraestructuras de I+D+i,
 - Aumentar o investimento en I+D,
 - Sentar a s bases dun sistema ciencia-tecnoloxía na Eurorexión nas áreas do automóbil e dominio do mar,
 - Facilitar a transferencia tecnolóxica,
 - Modernización da estrutura productiva,
 - Reforzara internacionalización das empresas, particularmente as PEMES,
 - Potenciar a mobilidade do capital humano,
 - Valorar o papel do sistema urbano da Eurorexión.

- Eixe 2.- Medio Ambiente, Patrimonio e Prevención de Riscos:
 - Planificación e xestión das bacías hidrográficas comúns,
 - Mellora da eficiencia enerxética e aforro de recursos naturais,
 - Protexer e conservar o patrimonio natural da Eurorexión,
 - Previr catástrofes naturais e riscos ambientais como os incendios,
 - Promover innovacións ambientais,
 - Valorización dos recursos endóxenos das zonas rurais,
 - Melloras os espazos transfronteirizos como destinos turísticos.

- Eixe 3.- Ordenamento do Territorio e Accesibilidades:
 - Fomentar o urbanismo sustentable,
 - Sistemas de loxística e intermodalidade dos modos de transportes,
 - Potenciar o transporte por ferrocarril,
 - Reforzar o transporte metropolitano,
 - Potenciar o uso das enerxías renovables.

- Eixe 4.- Integración Socioeconómica e Institucional:
 - Facilitar o acceso a servizos de interese social como a sanidade, educación, etc.,
 - Desenvolver servizos comúns,
 - Promover a integración cultural e social entre as poboacións,
 - Crear instrumentos de cooperación de segunda xeneración.

3.- Animación e colaboración coas Comisións Sectoriais e Territoriais para a presentación de proxectos ao Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza Portugal-España.

Unha vez aprobados os documentos necesarios para a posta en marcha do P.O. Portugal-España, a primeira convocatoria formal de presentación de proxectos abríuse o 8 de febreiro de 2008 e rematou o 15 de abril de 2008 e na que foron presentados numerosos proxectos de cooperación por parte das Comisións da CTG-NP.

O comité de coordinación da Comunidade de Traballo colaborou, a iniciativa propia, na convocatoria dunha reunión informativa, os días 15 e 16 de novembro de 2007, entre os

diferentes membros da Comunidade de Traballo co obxecto de informarlles de maneira pormenorizada dos contidos do P.O..

3.-Plenario da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal (CT G-NP).

O Plenario da CTG-NP realízase anualmente, segundo consta no seu acordo constitutivo, e participan no mesmo tódolos membros das Comisións Sectoriais e Territoriais, e mediante convite previo poden asistir invitados oficiais ou observadores, personalidades nacionais o europeas, así como representantes de organismos hispano-portugueses de cooperación transfronteiriza.

A organización dun evento como este implica a celebración de reunións preparatorias cos diferentes representantes das Comisións e, entre a estrutura técnica da CT.

O *VII Plenario Comunidade de Traballo* tivo lugar en Guimarães o día 12 de abril de 2007, e que asistiron todos os membros das Comisións Sectoriais e Territoriais da mesma.

Nesta sesión plenaria foron aprobadas modificacións na estrutura orgánica da Comunidade de Traballo, cunha adaptación da estrutura aos Eixes do PO Portugal-España quedando reestructurada en 3 Comisións Sectoriais e 4 Territoriais.

Presentouse o *Plan Estratéxico de Cooperación Transfronteiriza entre Galicia-Norte de Portugal para o período 2007-2013*; informouse do punto de situación da ligazón ferroviaria Vigo-Porto e a articulación das Plataformas loxísticas fronteirizas; e presentáronse proxectos claves de cooperación no sector medioambiental.

4.- AECT Galicia-Norte de Portugal.

O Regulamento 1082/2006 do Parlamento Europeo e do Consello de 5 de xullo de 2006, crea unha nova figura xurídica para a cooperación, as Agrupacións Europeas de Cooperación Territorial (AECT).

O obxectivo destas AECT's é o de *facilitar e fomentar entre os seus membros a cooperación transfronteiriza, transnacional e interrexional coa finalidade de reforzar a cohesión económica e social. Para acadar este obxectivo poderán executar programas e proxectos de cooperación territorial cofinanciados pola UE, así como realizar outras accións de cooperación con ou sen contribución financeira comunitaria.*

As AECT's poden estar constituídas por Estados membros, autoridades rexionais ou locais así como tamén por asociacións destas.

A Xunta de Galicia e a CCRD-N decidiron apostar por esta nova xurídica, con personalidade xurídica, coa finalidade de dotar dun carácter de permanencia á

cooperación transfronteiriza entre as dúas rexións, co obxectivo de que unha vez que non existan o se vexan aínda máis reducidos os fondos comunitarios para fortalecer esta cooperación, esta non sufra unha diminución senón que continúe favorecendo a consolidación deste espazo eurorrexional.

No día de hoxe asínase o Convenio e Estatutos da futura AECT Galicia-Norte de Portugal, que terá como sede oficial a cidade de Vigo.

5.- Lanzamento do estudo sobre “O sistema portuario da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal”.

Foi publicado un estudio, encomendado pola Comunidade de Traballo, denominado “ O sistema portuario da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal” e que ten como principal obxectivo analizar o tráfico de buques e mercancías entre os principais portos da Eurorrexión. O estudio foi dirixido polo profesor D. Fernando González Laxe.

6.- Xornada a Eurorrexión do Xofecemento:

Esta xornada estivo dirixida a membros das Universidades da Eurorrexión no que especialistas de universidades españolas mostraron a súa experiencia en estratéxicas universidade-empresa, captación de talento científico, modalidades de financiamento da investigación, inserción laboral de universitarios, etc.

C.-ACTIVIDADE INSTRUMENTAL DA COMUNIDADE DE TRABALLO GALICIA-NORTE DE PORTUGAL.

As actividades que reflectimos no anterior epígrafe, podémolas considerar como principais, pero existe durante este período unha ampla serie delas que, sen chegar a ser exhaustivos, non podemos deixar de mencionar:

a) Actividades do Presidente da Comunidade de Traballo:

- Transferencia da Presidencia da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal. Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2006.
- Participación na reunión constitutiva da Comisión Mixta Hispano-Portuguesa para a Cooperación Transfronteiriza, Zamora, 29 de maio de 2006.
- Reunión coa Comisaria de Política Rexional, Danuta Húbner, para explicarlle a cooperación entre Galicia e a Rexión Norte de Portugal. Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2006.
- Reunión entre o Presidente da Xunta de Galicia e o Presidente da CCDR-N. Vigo, 31 de marzo de 2007.

- Cea-Coloquio con empresarios da Eurorrexión, representantes de diferentes sectores con importantes intercambios comerciais. Porto, 12 de abril de 2007.
- VII Plenario da CT G-NP. Guimarães, 13 de abril de 2007.
- Clausura da Asemblea Xeral do Eixo Atlántico. Vigo, 8 de febreiro de 2008.
- Clausura da Xornada “Eurorrexión do Coñecemento”. Vigo, 13 de febreiro de 2008.
- Reunión entre o Presidente da Xunta de Galicia e o Presidente da CCDR-N. Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2008.

b) outras actividades da estrutura de coordinación da CT G-NP:

- Asistencia á reunión do Comité Executivo do Eixo Atlántico. Santiago de Compostela 28 de marzo de 2006.
- Reunións preparatorias do Programa de cooperación no ámbito do Dominio do Mar. Vigo, 29 de marzo de 2006; Porto 14 de xullo de 2006;.
- Reunión preparatoria da reunión constitutiva da Comisión Mixta Hispano-Portuguesa de Cooperación Transfronteiriza. Madrid, 30 de marzo de 2006.
- Reunión preparatoria do Plan Estratéxico de Cooperación Galicia-Norte de Portugal para o período 2007-2013 . Santiago de Compostela, 3 de abril de 2006.
- Xornada informativa dirixida a periodistas galegos organizada pola Dirección Xeral de Planificación e Fondos Comunitarios. Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2006.
- Sinatura do Convenio Eures-Transfronteirizo. Valença do Minho, 23 de outubro de 2006.
- Reunións da Comisión Internacional de Límites Hispano-Portuguesa. Madrid, 15 de novembro de 2006; Lisboa, 12/12 de decembro de 2006.
- Asistencia a reunión da Asemblea Xeral do Eixo Atlántico. Vilanova de Gaia, 9 de xaneiro de 2007.
- Segunda reunión da Comisión Mixta Hispano-Portuguesa de Cooperación Transfronteiriza. Tavira, 23 de febreiro de 2007.

- Reunión das Comisións da CTG-NP. Valença do Minho, 15/16 de novembro de 2007.
- Reunión do Grupo de Traballo da Eurocidade Verín-Chaves. Verín, 16 de xullo de 2008.
- Reunións do Comité de Coordinación da CTG-NP: Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2007; Valença do Minho, 13 de marzo de 2007; Monção, 30 de marzo de 2007; Vigo 23 de outubro de 2007, Valença do Minho, 15 de novembro de 2007 , Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2008, Porto, 27 de maio e 17 de xuño de 2008.